



# Saúde laboral

## Boletín nº 50

Nº 50 MARZO 2024

CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

### SUMARIO

#### A FONDO

##### O RADON NOS CENTROS DE TRABALLO

*Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*

#### ANÁLISE-INFORMACIÓN

##### A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO TELETRABALLO

*Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*



#### INFORMACIÓN

#### FACTOS

**FACTORES DE RISCO DE CANCRO NO ÁMBITO LABORAL EN EUROPA. PRIMEIRAS CONCLUSIÓN DA ENQUISA SOBRE A EXPOSICIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS. EU-OSHA**

EDITA: *Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral*

FINANCIADO POR:



CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE



# Sinistralidade laboral na Galiza, 2023.

## Nada que celebrar




# Factores de risco de cancro no ámbito laboral en Europa -Primeiras conclusións da Enquisa sobre a exposición das persoas traballadoras-. EU-OSHA

**A** Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo (EU-OSHA) realizou unha ampla enquisa entre persoas traballadoras, a “Enquisa sobre a exposición das persoas traballadoras a factores de risco de cancro en Europa” (WES, polas súas siglas en inglés), en seis Estados membros da UE: Alemaña, Irlanda, España, Francia, Hungría e Finlandia. Neste adianto informativo preséntanse os primeiros resultados da enquisa e ofrécese unha visión xeral do tipo de información que pode obterse a partir dos datos da enquisa WES. A intención da EU-OSHA é que en vindeiras publicacións se poida afondar nunha análise máis exhaustiva dos datos.

A enquisa WES calcula a probabilidade de exposición das persoas traballadoras durante a última semana de traballo a **vinte e catro (24) factores de risco de cancro coñecidos, incluídos os produtos químicos industriais, as substancias e mesturas xeradas por procesos e os factores de risco físicos.** A

lexislación europea de protección das persoas traballadoras aborda moitos destes factores de risco. Os datos da enquisa WES complementan outras fontes de datos, como as medicións no lugar de traballo, e proporcionan información sobre as persoas expostas e as circunstancias de exposición máis frecuentes, a fin de permitir unha mellor prevención nos lugares de traballo. **Os resultados da enquisa WES, obxecto deste adianto informativo, proporcionarán información valiosa no contexto de futuras propostas de modificación da Directiva sobre axentes carcinóxenos, mutáxe-**



**nos e reprotóxicos (CMR) durante o traballo e, deste xeito, contribuirán á loita contra o cancro no ámbito laboral.** A información actualizada sobre as exposicións profesionais a determinados factores de risco de cancro, comparables entre países, tamén servirá de apoio a un dos obxectivos clave do Marco estratéxico da UE en materia de saúde e

seguridade no traballo 2021-2027 sobre a mellora da prevención das enfermidades relacionadas co traballo, en particular o cancro, e contribuirá ao Plan Europeo de Loita contra o Cancro e á iniciativa da Folla de roteiro da UE sobre carcinóxenos.


## EXPOSICIÓNS MÁIS FRECUENTES

As exposicións profesionais máis frecuentes, entre os vinte e catro factores de risco de cancro considerados na enquisa, foron: **a radiación ultravioleta (UV) solar, as emisións de motores diésel, o benceno, a sílice cristalina respirable e o formaldehído, seguidos**

do cromo hexavalente, o chumbo e os seus compostos inorgánicos, e o po de madeira. A sílice cristalina respirable, as emisións de motores diésel e o po de

madeira destacan polas maiores proporcións de persoas traballadoras probablemente expostas a estes factores de risco en niveis elevados.

Gráfico 1: Porcentaxe de persoas traballadoras probablemente expostas aos vinte e catro factores de risco de cancro incluídos na enquisa WES, por nivel de exposición (% de todas as persoas traballadoras).




Base: todas as persoas traballadoras dos seis Estados, enquisa WES 2023. EU-OSHA. Tradución: GTCSL

A enquisa WES tamén proporciona información sobre a exposición laboral das persoas a varios factores de risco avaliados na enquisa durante a última semana de traballo. Considerouse que as que foran expostas probablemente polo menos a dous factores de risco de cancro presentaban **exposicións múltiples**, aínda que ditas exposicións non ocorren ao mesmo tempo nin como consecuencia do mesmo proceso de traballo.

Na enquisa WES o 52,6 % das persoas traballadoras non estaban expostas a ningún dos vinte e catro factores de risco de cancro considerados na súa última semana de traballo, mentres que o 21,2 % estaban expostas a un deles e o 1,9 % a máis de cinco. Entre as persoas traballadoras expostas a un factor de risco de cancro, o 14 % traballaba en actividades manufactureiras, o 14 % no comercio almacenista e retalista e o 13 % en actividades sanitarias e de servizos sociais.

Gráfico 2: Distribución das persoas traballadoras por número de exposicións probables aos vinte e catro factores de risco de cancro seleccionados (% do total de persoas traballadoras)



Máis do 60 % das persoas traballadoras presentaban exposicións múltiples nas actividades de explotación de minas e canteiras e nas actividades de construción, así como en dez das cincuenta categorías de postos de traballo definidas na enquisa: [traballadores/as de minas e canteiras](#), [traballadores/as de gasoleiras](#), [traballadores/as do sector da construción e o mantemento de estradas](#), [traballadores/as da industria da tapicería](#), [traballadores/as da silvicultura e a madeira](#), [soldadores/as e fabricantes de caldeiras](#), [traballadores/as da industria da construción](#), [bombeiros/as](#), [condutores/as e traballadores/as do transporte](#), e [traballadores/as da industria do caucho e o plástico](#). Aínda que os resultados poden gardar relación cos factores de risco seleccionados na enquisa WES para os sectores e postos de traballo en cuestión, o feito de que as exposicións múltiples fosen frecuentes entre estas categorías de persoas traballadoras é motivo de preocupación. [Abordar as exposicións múltiples é unha cuestión importante para a prevención das exposicións a factores de risco de cancro.](#)

### CIRCUNSTANCIAS DA EXPOSICIÓN

A enquisa WES proporciona información sobre os grupos de persoas traballadoras expostas, pero tamén sobre as diferentes circunstancias da exposición a cada factor de risco de cancro. A continuación, ofrécense algúns detalles sobre as persoas traballadoras e sobre as circunstancias da súa exposición con respecto a cinco das exposicións profesionais máis frecuentes avaliadas na enquisa WES.

Considerouse que **o 20,8 % destas persoas estaban expostas á [radiación UV solar](#)** (incluída a exposición ocular), que é a **exposición máis común entre as persoas enquisadas**. A exposición distribuíase entre todos os tipos de postos de traballo, en particular entre as persoas que traballan no exterior, como quen traballa no [sector da construción, agrícola, conducción e transporte](#), e quen traballa nos [servizos de protección](#). Traballar con ou nas inmediacións da neve sen protección ocular (como lentes de sol) na última semana de traballo é unha circunstancia que dá lugar a unha exposición probable a un nivel elevado de radiación UV solar.

Estimouse que unha de cada cinco persoas traballadoras estaba exposta a emisións de motores diésel, a maioría delas a un nivel baixo. A maioría de quen traballa en gasolineras, minas e canteiras, construción e mantemento de estradas, así como na condución e o transporte, estaban probablemente expostas a este factor de risco de cancro (entre o 76 % e o 99 % en cada categoría laboral). As principais circunstancias que dan lugar a unha exposición probable a un nivel elevado de emisións de motores diésel inclúen a condución de vehículos diésel como parte do traballo no interior dun edificio (ou baixo terra nunha mina) e a non utilización de medidas de protección adecuadas durante o mantemento dun vehículo diésel (por exemplo, non conectar unha manguera ao tubo de escape do vehículo para extraer os gases de escape ao exterior).

Estimouse que o 13% das persoas traballadoras estaban expostas ao benceno. Moitas persoas que traballan en gasolineras (98 %), construción e mantemento de estradas (68 %) e bombeiros/as (51 %) estaban probablemente expostas a este factor de risco de cancro. As principais circunstancias que deron lugar a unha exposición probable ao benceno foron a reposición de vehículos con gasolina como parte do traballo, a realización de traballos de mantemento en vehículos que utilizan gasolina (como postas a punto, traballos nos tubos de escape ou revisións do motor, e/ou baleirado dos depósitos de combustible ou cambio dos filtros de combustible), así como o traballo preto de vehículos de gasolina co motor en marcha.



O 8,4 % das persoas traballadoras estaban expostas a sílice cristalina respirable (SCR). Entre todas as persoas probablemente expostas a SCR, máis de dúas de cada cinco traballaban no sector da construción. É probable que máis do 90 % de quen traballa en minas e canteiras e a construción e o mantemento de estradas estivesen expostas a SCR, así como o 79 % das persoas que traballan na produción de cerámica. As principais circunstancias que deron lugar a unha exposición probable a un nivel elevado de SCR foron as formas inadecuadas de limpar o po de area no lugar de traballo, mesturar formigón ou cemento, traballar con pedra artificial (corte, trituración, etc.) e as medidas de protección inaxeitadas cando se traballa con pedra natural, formigón ou ladrillos (corte, trituración, etc.).

O 6,4 % das persoas traballadoras estaban expostas ao formaldehído. Máis de dous de cada cinco persoas das seguintes categorías laborais estaban probablemente expostas ao formaldehído: perso-



as traballadoras da industria da tapicería (62 %); floristas (50,7 %); bombeiros/as e quen fabrica/repara zapatos ou artigos acabados de coiro (ámbolos 45,3 %); así como quen fabrica caucho, artigos de caucho, plástico ou resina (42,5 %). As principais circunstancias que deron lugar a unha exposición probable ao formaldehído foron o uso de colas de madeira de resina epoxi de dous compoñentes ou de plástico, así como o traballo con madeira contrachapada, taboleiros de aglomerado, chapas mariñas ou taboleiros de fibra de densidade media (MDF).

### EXPOSICIÓN E CONDICIÓNNS DE TRABALLO

Se se compara a exposición fronte á non exposición, as **persoas traballadoras de microempresas ou pequenas empresas** (con menos de cincuenta persoas) presentaban 1,3 veces máis probabilidades de estar expostas a un ou máis factores de risco de cancro que o persoal de centros de traballo medianos ou grandes.

Mentres que as **persoas traballadoras que traballaban a tempo parcial** (menos de trinta horas á

semana) tiñan menos exposicións múltiples que a media. A proporción de persoas con exposicións múltiples probables aumentaba considerablemente no caso das que traballaban máis de cincuenta horas á semana.

### PERFIL DAS PERSOAS TRABALLADORAS ENQUISADAS

En total, 24.402 persoas traballadoras responderon ás preguntas da enquisa. As entrevistas distribuíronse nos seis países participantes de acordo con obxectivos definidos de antemán, tendo en conta os distintos tamaños da poboación activa: dende 2.500 enquisados/as en Irlanda ata 7.486 en Alemaña.

A poboación enquisada inclúe a persoas que traballaban en todos os sectores de actividade económica durante a semana anterior á entrevista, de quince anos de idade ou máis, e cuxo lugar de residencia e emprego habitual atópase no territorio do país no que se realiza a enquisa.

Aproximadamente o 62 % das persoas enquisadas eran traballadores de sexo masculino e o 38 % eran traballadoras. Unha pequena porcentaxe das persoas participantes describiron o seu xénero doutro xeito (0,1 %). A diferente distribución observada entre xéneros pode deberse, en certa medida, a unha limitación da enquisa: moitos dos vinte e catro factores de risco de cancro incluídos na enquisa WES eran máis habituais en postos de traballo e sectores industriais dominados por homes. Todas as categorías en idade de traballar están representadas na enquisa WES. Con todo, os enquisados/as de entre quince e dezasete anos representaron o grupo de idade máis pequeno da enquisa (o 0,1 %). A maioría das persoas enquisadas naceron no país no

